

CURSO DE LITERATURA ORAL “SOMOS HERDEIRAS”



CURSO EN LIÑA

Días: 11, 16, 18, 23, 25 e 30 de novembro de 2020

Horario: de 17:30 a 20:30

O curso é gratuíto, pero o alumnado debe dispoñer de ordenador ou tablet con micrófono e altosfalantes para poder seguir as aulas

Inscrición: a través da páxina web do snl en <https://snl.vigo.org/inscripcion> (deben poñer no título da actividade: literatura oral)

Sinopse:

O obxectivo do curso é achegar o alumnado aos textos dos diferentes xéneros que compoñen a literatura oral de Galicia, dar a coñecer os seus trazos principais e os contextos de uso. Comezaremos cunha breve introdución á materia e aos conceptos principais que manexaremos, e forneceremos recursos bibliográficos e audiovisuais.

Unha vez situado o alumnado fronte ao noso obxecto de análise pasaremos a ler e comentar na aula textos representativos de cada xénero para, a partir deles, analizar as características principais de cada un.